



Concello de Baralla

DECRETO DA ALCALDÍA.-

Vista a Resolución de data 5 de maio de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, resolvendo a concesión dunha subvención para a contratación de un traballador/ra desempregado/a ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022, para a realización da obra ou servizo denominado “Piscinas Municipais Socorristas”.

Vistas as bases reguladoras que rexerán a selección e contratación laboral temporal de 1 socorrista para piscinas municipais, polo prazo de dous meses.

Vista a tramitación esixida pola lexislación vixente en orde á provisión de postos por persoal laboral temporal e de conformidade co establecido no artigo 14 da antedita orde reguladora.

Visto, o Informe da Secretaría-Intervención sobre a existencia de crédito orzamentario no orzamento municipal 2022, e o Informe sobre o procedemento a seguir e a lexislación de aplicación

No uso das facultades que me son conferidas pola vixente lexislación de réxime local (artigo 21.1 g) da Lei 7/85) e en orde a garantir o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade, polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a selección e contratación en réxime laboral-temporal, cunha xornada completa e con duración de dous (2) meses, de 1 posto de socorrista para piscinas municipais, conforme ás Bases que se achegan con esta resolución.

Segundo.- Aprobar as Bases reguladoras que rexerán a selección e contratación laboral temporal de 1 posto de traballo: Socorrista para piscinas municipais e proceder á convocatoria pública.

O persoal a contratar, conforme ás bases anteriores, desempeñara as funcións que se lles poidan encomendar pola Alcaldía ou polos concelleiros delegados que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos.

Presentarase solicitude de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Becerreá para que realice a sondaxe de demandantes de emprego en función dos postos de traballo a contratar e unha vez remitidas ao Concello as persoas candidatas, procederase á selección de conformidade coas bases aprobadas no anterior punto.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Miguel González Piñeiro.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM223JN77PZLZ4JMYT | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Concello de Baralla

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 SOCORRISTA PARA PISCINAS MUNICIPAIS, AO ABEIRO DA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2022 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

Ocupación	Nº postos	Servizo	Duración contratación	Xornada
SOCORRISTA	1	PISCINAS MUNICIPAIS SOCORRISTAS	2 meses	Completa

SEGUNDA. MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO

O modelo de contrato de traballo previsto será necesariamente mediante a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego, dado que amparase nunha subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade ao amparo da Orde de 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais

O contrato terá en conta o establecido no artigo 15.1 da orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade.

A duración do contrato será de 2 meses e a xornada completa.

TERCEIRA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir, na data que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM223JN77PZLZ4JNYP | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



Concello de Baralla

a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación conlevará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Figurar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñibles para o emprego.

f) Estar en posesión do Certificado que acredite NON CONSTAR na Base de Datos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais do Ministerio de Xusticia. Este documento pode ser obtido polo solicitante mediante a utilización do certificado electrónico ou DNIe na seguinte dirección:

<https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/es/tramites/certificado-registro-central>

Este requisito aportarase unicamente polo candidato/a seleccionado/a, con anterioridade a sinatura do contrato, dentro do prazo previsto para a presentación de documentación.

Requisitos especiais:

-Título de Graduado Escolar ou equivalente.

-Título de Socorrista ou equivalente.

-Cumprimento do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, e outra normativa concordante.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM2Z3JN77PZLZ4JMYJ | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



Concello de Baralla

sinalado pola oficina de emprego.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En cumprimento do establecido na Orde Reguladora do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (2022), da Consellería de Emprego e Igualdade, **poderán presentarse a este proceso selectivo os/as aspirantes preseleccionados logo da presentación, por parte deste Concello, da Oferta na Oficina de Emprego de Becerreá.**

Os interesados estarán inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados debendo estar dispoñibles para o emprego.

En función do establecido no artigo 14 da devandita orde, os traballadores e traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas na antedita orde.

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego, para a súa presentación no Concello de Baralla, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas) obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI e instancia de solicitude (Anexo I destas bases). Na mesma farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no concurso.

Neste procedemento non se admitirán as solicitudes dos interesados que non fosen previamente seleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá.

Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Fotocopia compulsada do DNI.
- b) Documentación compulsada que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

Forma de acreditación dos méritos:

Mediante presentación de fotocopia compulsada do título acreditativo dos estudos, cursos ou xornadas realizadas.

QUINTA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida. Respecto aos méritos

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XMZ23JN77PZLZ4JMYJ | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



Concello de Baralla

computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, “*Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras*”.

Méritos computables

1. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 4,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

- Cursos de 10 horas a 20 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 21 horas a 50 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 51 horas a 100 horas: 0,75 puntos.
- Curso de máis de 100 horas: 1,00 puntos.

2. Titulación: Valorarase neste apartado as titulacións académicas de nivel superior da requirida na convocatoria para o acceso, e relacionadas co posto de traballo, computándose unicamente o título de maior nivel dos alegados.

- Titulación Universitaria: 1,00 puntos.
- Título de Ciclo Superior de F.P. ou equivalente: 0,75 puntos.
- Título de Ciclo Medio de F.P. ou equivalente: 0,50 puntos

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores .
- 2) Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

SEXTA. DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN

O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM223JN77PZLZ4JNYP | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10



Concello de Baralla

condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por Resolución da Alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na súa páxina web (www.concellobaralla.es), así como a lista de admitidos e excluídos.

Na devandita resolución declararase aprobada a lista provisional de admitidos e, se é o caso, excluídos coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web www.concellobaralla.es.

Concederase un prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante Resolución pública de Alcaldía aprobando a lista definitiva.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SÉTIMA. PROPOSTA DE SELECCIÓN

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM2Z3JN77PZLZ4JMYJ | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



Concello de Baralla

publicación, para efectuar as alegacións pertinentes.

Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes, incluídos na lista de reserva.

A lista de reserva estará formada polos restantes aspirantes non seleccionados, que figuraran nesta, por orde de puntuación de maior a menor. Acudirase á mesma para cubrir eventuais vacantes dos postos ofertados durante o período subvencionado que nunca se estenderán máis aló da duración do programa subvencionado

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

OITAVA. RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Á vista da proposta do Tribunal Cualificador e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente do Concello de Baralla resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

NOVENA . NORMATIVA

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación.

En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA . RECURSOS

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Baralla, no prazo dun mes a contar dende o

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XMZ23JN77PZLZAJMYP | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10



Concello de Baralla

día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na súa páxina web, ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro do Concello de Baralla e na súa páxina web, na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Baralla, 26 de xuño de 2022
O Alcalde,

Asdo. Miguel González Piñeiro

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM2Z3JN77PZLZ4JMYJ | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10



Concello de Baralla

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONTRATACIÓN DE 1 SOCORRISTA PARA PISCINAS MUNICIPAIS.

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DATA NACEMENTO	DE	D.N.I.	NACIONALIDADE
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO

SOLICITA :

Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal do/s posto/s antes descrito/s, e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno as condicións esixidas nesta convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

En Baralla, a de de 2022.

Sinatura,

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE BARALLA, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE BARALLA, con domicilio social na R/ EVARISTO CORREA CALDERÓN 48.- 27680.- BARALLA.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE BARALLA, calquera modificación que se produza nos datos achegados.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM2Z3JN77PZLZ4JMYPI Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



Concello de Baralla

MÉRITOS ALEGADOS

FORMACIÓN ESTUDIOS OFICIAIS. (marque a opción correspondente, de posuír ambas elixirase a de maior grado)			
GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	SI		NO
TÍTULO DE SOCORRISTA OU EQUIVALENTE	SI		NO
TITULACIÓN UNIVERSITARIA	SI		NO
TÍTULO DE CICLO SUPERIOR DE F.P. OU EQUIVALENTE	SI		NO
TÍTULO DE CICLO MEDIO DE F.P. OU EQUIVALENTE	SI		NO

FORMACIÓN POR ASISTENCIA A CURSOS OU XORNADAS	
DENOMINACIÓN	DURACIÓN EN MESES

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE BARALLA, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE BARALLA, con domicilio social na R/ EVARISTO CORREA CALDERÓN 48.- 27680.- BARALLA.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE BARALLA, calquera modificación que se produza nos datos achegados.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 74LZ6H6XM223JN77PZLZ4JMYJ | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10